

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE E POLÍTICA SOCIAL

20070 *Orde SAS/3351/2009, do 10 de decembro, pola que se actualiza o anexo III do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, polo que se regula a xestión do Fondo de cohesión sanitaria.*

O Fondo de cohesión sanitaria, creado pola Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, ten por obxecto garantir a igualdade de acceso aos servizos de asistencia sanitaria públicos en todo o territorio español. A súa xestión e distribución corresponde ao Ministerio de Sanidade e Política Social.

A Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, regula o devandito fondo na súa disposición adicional quinta. Ademais, a dita lei regula no seu artigo 28 os servizos de referencia, establecendo que no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde se acordará a súa designación, o número necesario destes e a súa situación estratéxica, cun enfoque de planificación de conxunto, para a atención a aquelas patoloxías que precisen unha concentración dos recursos diagnósticos e terapéuticos co fin de garantir a calidade, a seguranza e a eficiencia asistenciais. No citado artigo 28 tamén se establece que a atención nun servizo de referencia se financiará con cargo ao Fondo de cohesión sanitaria.

O Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, polo que se regula a xestión do Fondo de cohesión sanitaria recolle que o dito fondo lles compensará a asistencia sanitaria prestada a aqueles pacientes residentes en España que deriven a unha comunidade autónoma distinta daquela en que teñen a súa residencia habitual, para seren atendidos nos centros, servizos e unidades designados como de referencia polo Ministerio de Sanidade e Política Social. No caso das comunidades autónomas de Canarias e as Illes Balears, a compensación incluírá tamén a atención aos procesos dos pacientes desprazados desde outras illas do seu territorio diferentes a aquela en que se sitúe o centro, servizo ou unidade de referencia designado.

O dito real decreto establece que serán incorporadas como anexo a el as patoloxías, técnicas, tecnoloxías e procedementos aplicados ou atendidos polos centros, servizos e unidades de referencia (en diante CSUR) do Sistema Nacional de Saúde que deban ser obxecto de compensación con cargo ao Fondo de cohesión sanitaria, e recolle en cada caso a contía do custo financiado.

Así mesmo, recolle que as patoloxías, técnicas, tecnoloxías e procedementos obxecto de financiamento polo Fondo de cohesión sanitaria deberán ser revisados e actualizados coa periodicidade adecuada para recoller os atendidos nos CSUR que sexan designados de acordo coas súas normas reguladoras; e que o Ministerio de Sanidade e Política Social, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda, actualizará anualmente os importes que se van compensar e informará o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde dos criterios utilizados; sendo estes os principais obxectivos desta orde.

Por outro lado, o Real decreto 1302/2006, do 10 de novembro, polo que se establecen as bases do procedemento para a designación e acreditación dos centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde, no seu artigo 9, sinala, así mesmo, que o Fondo de cohesión sanitaria financiará a asistencia sanitaria derivada entre comunidades autónomas a un CSUR e que o dito financiamento se aplicará unicamente para as patoloxías ou as técnicas, tecnoloxías e procedementos diagnósticos ou terapéuticos para os cales o devandito centro, servizo ou unidade foi designado de referencia e nas condicións e contías que se recollen no correspondente anexo do real decreto que regula o Fondo de cohesión sanitaria.

Logo do correspondente acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, a primeira incorporación dun grupo de patoloxías, técnicas, tecnoloxías e procedementos como anexo III ao Real decreto 1207/2006 levouse a cabo pola Orde SCO/3773/2008, do 15 de decembro, pola que se actualizan os anexos I e II e se incorpora o anexo III ao Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, polo que se regula a xestión do Fondo de cohesión.

O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde continuou acordando grupos de patoloxías, técnicas, tecnoloxías ou procedementos para os cales é necesario designar CSUR no Sistema Nacional de Saúde e os criterios que deben cumprir estes para ser designados como de referencia. O 12 de decembro de 2007, o Consello acordou a proposta de criterios sobre a atención á transexualidade e, o 18 de xuño de 2008, acordou a correspondente ao grupo de patoloxías, técnicas, tecnoloxías ou procedementos nas áreas de traumatoloxía e cirurxía ortopédica e transplantes.

Estas novas patoloxías, técnicas, tecnoloxías ou procedementos para os cales é necesario designar CSUR no Sistema Nacional de Saúde, acordadas polo Consello Interterritorial, son as que se incorporan, mediante esta orde, ao anexo III do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, así como a contía do custo que se vai financiar en cada caso.

Conforme o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde vaia acordando novas patoloxías, técnicas, tecnoloxías ou procedementos para as cales é preciso designar centros, servizos ou unidades de referencia no Sistema Nacional de Saúde ou excluír algunha das acordadas, seguirase a actualizar o anexo III do Real decreto 1207/2006.

Na súa elaboración emitiu informe preceptivamente o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, foron oídos os sectores afectados e consultadas as comunidades autónomas.

Esta orde dítase en uso da habilitación contida na disposición derradeira segunda e de conformidade co disposto nos artigos 6.3, 9.2 e 9.4 do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Actualización do anexo III do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, polo que se regula a xestión do Fondo de cohesión sanitaria.*

O anexo III do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, polo que se regula a xestión do Fondo de cohesión sanitaria, aprobado pola Orde SCO/3773/2008, do 15 de decembro, queda substituído polo anexo desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta norma dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral de sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2010.

Madrid, 10 de decembro de 2009.—A ministra de Sanidade e Política Social, Trinidad Jiménez García-Herrera.

ANEXO

Anexo III: Patoloxías, técnicas, tecnoloxías e procedementos atendidos en centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde

| Patoloxías, técnicas, tecnoloxías ou procedementos | Custo medio | (En euros) |
|---|-------------|-------------------------|
| | | Custo compensable (80%) |
| 1. Queimados críticos (GDR: 821,822, 823, 824 e 825) | 22.263 | 17.810 |
| 2. Reconstrución do pavillón auricular | 2.860 | 2.288 |
| 3. Glaucoma conxénito e glaucoma na infancia | 2.603 | 2.082 |
| 4. Alteracións conxénitas do desenvolvemento ocular (alteracións do globo ocular e das pálpebras) | 2.131 | 1.705 |
| 5. Tumores extraoculares na infancia (rabdiosarcoma) | 5.490 | 4.392 |
| 6. Tumores intraoculares na infancia (retinoblastoma) | 3.493 | 2.794 |
| 7. Tumores intraoculares do adulto (melanomas uveais) | 3.933 | 3.146 |
| 8. Descompresión orbitaria en oftalmopatía tiroidea | 6.227 | 4.982 |
| 9. Tumores orbitarios | 4.815 | 3.852 |
| 10. Retinopatía do prematuro avanzada | 2.861 | 2.289 |
| 11. Reconstrución da superficie ocular complexa. Queratoprótese. | 3.123 | 2.498 |
| 14. Tratamento de tumores xerminais con quimioterapia intensiva. | 7.551 | 6.041 |
| 15. Transplante renal infantil | 31.551 | 25.241 |
| 16. Transplante hepático infantil | 63.785 | 51.028 |
| 17. Transplante hepático de vivo adulto | 63.785 | 51.028 |
| 18. Transplante pulmonar (infantil e adulto). | 70.576 | 56.461 |
| 19. Transplante cardiopulmonar de adultos. | 70.576 | 56.461 |
| 20. Transplante cardíaco infantil | 60.476 | 48.381 |
| 21. Transplante de páncreas | 48.233 | 38.586 |
| 22. Transplante de intestino (infantil e adulto) | 35.579 | 28.463 |
| 23. Queratoplastia penetrante en nenos | 2.334 | 1.867 |
| 24. Atención á transexualidade | 10.015 | 8.012 |
| 25. Osteotomía pélvica en displasias de cadeira no adulto. | 6.349 | 5.079 |
| 26. Tratamento das infeccións osteoarticulares resistentes | 10.564 | 8.451 |
| 27.A) Ortopedia infantil: malformacións conxénitas (fémur curto conxénito, axenesia de tibia/peroné...) | 5.231 | 4.185 |
| 27.B) Ortopedia infantil: displasias óseas (osteoxénese imperfecta, artrogripose,...) e grandes alongamentos de membros | 4.674 | 3.739 |
| 27.C) Ortopedia infantil: enfermidades neuromusculares (parálise cerebral, mielomeningocele,...) | 6.057 | 4.846 |
| 28. Reimplantes, incluída man catastrófica | 4.963 | 3.970 |
| 31. Transplante de proxenitores hematopoéticos aloxénico infantil | 45.770 | 36.616 |